

ASISTENTES:

Presidenta:

Sra. D^a. Milagros Otero Parga

Vicepresidente:

Sr. D. Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Sr. D. Javier Enrique Fraga Campo

Polo Consello Consultivo

Sra. D^a. María José Quintana Acebo

Polo Consello de Contas

Sr. D. Manuel José Santana Suárez

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Sra. D^a. Lucía Gonzalez Louro

Secretaria:

Sra. D^a. María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.15 horas do día 13 de decembro de 2016, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 2 de decembro do 2016, procédese a realizar a sesión ordinaria VII da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na sesión procédese:

1º.- Saúda da presidenta

Iníciase a sesión cunha benvida da presidenta aos membros, especialmente a María José Quintana, quen acode por primeira vez á unha sesión, para quen fai un breve resume dos acordos tomados en sesións anteriores, do xeito no que se desenvolve o traballo.

Así mesmo, agradece á representante da Federación Galega de Municipios e

Provincias a dispoñibilidade da federación para apoiar a transparencia, non so coas medidas xa en marcha, se non con todas aquelas das que a comisión lle poida facer partícipes no futuro "que consideren que poidan involucrarse directamente os concellos".

Tamén se aproveita o arranque da sesión para dar información sobre o inicio do seguimento dos expedientes xa resoltos, do que se lles facilitará información a medida que se incorpore aos expedientes. Por último a principio do ano 2017 se achegará un peche de exercicio, cos datos que se incorporarán á memoria do Informe perante o Parlamento do Valedor do Pobo.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 15 de novembro de 2016

A secretaria procede á lectura da acta. Estando conformes todos os membros presentes acórdase por unanimidade a súa aprobación.

4º.- Resolución se procede dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 0010/2016	Arquivo por estar xa en posesión da información que require
RSCTG 0022/2016	Estimación parcial
RSCTG 0023/2016	Inadmitir por presentarse antes de que se rematara o prazo legalmente establecido e xa dispor da información
RSCTG 024/2016	Desestimar por terse recibido xa o convenio que se demandaba.
RSCTG 025/2016	Estimar o acceso ás actas do concello correspondentes aos anos 1890 a 1936
RSCTG 032/2016	Arquivo por estar xa en posesión da información que require
RSCTG 0047/2016	Arquivo por desistimento

5º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase a celebración da seguinte reunión o 25 de xaneiro ás 12.00.

6º.- Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13:30 da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

A Presidenta
Milagros Otero Parga

A secretaria
María Puy Fraga

